



MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº4 DO PXOM DE DODRO



APROBACIÓN INICIAL

ANEXO II

DILIXENCIA, para facer constar que a aprobación inicial da Modificación Puntual N.º 4 do PXOM de Dodro tivo lugar por acordo do Concello en Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de novembro de 2020.
A secretaria-interventora, Angela Maria Viqueira

PO. O. O. DO TAMBORE - VÍA LA CIERVA, Nº 15
15890 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 57 07 70 - Fax: 981 57 01 11
e-mail: estudiog@estudiog.es

ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.



MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº4 DO PXOM DE DODRO

ÍNDICE

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE DODRO.....3

1.- INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE .3

1.1.- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)	3
1.2.- Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).....	3
1.3.- Plan de Ordenación do Litoral (POL).....	3

DILIXENCIA, para facer constar que a aprobación inicial da Modificación Puntual N.º 4 do PXOM de Dodro tivo lugar por acordo do Concello en Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de novembro de 2020.
A secretaria interventora, Angela Maria Viqueira Alborvega, c.



APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE DODRO

1.- INFORME XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

O obxectivo do presente documento é a modificación puntual do PXOM de Dodro coa finalidade de corrixir erros detectados na cartografía empregada, no referido a incorrecta grafiación de certos camiños e que repercute directamente nas aliñacións fixadas.

1.1.- Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)

O modelo previsto no PXOM de Dodro contempla 27 núcleos rurais espallados ó longo do termo municipal, distribuídos en 3 parroquias, tres sectores de solo urbanizable delimitado situados entorno o ámbito e ningún non delimitado. O resto contéplase como solo rústico.

No referido ás afeccións, ningún dos camiños que se procede ao seu recoñecemento ou anulación se atopa afectado.

No referido ao catálogo, ningún dos camiños obxecto de modificación se atopa afectado por elemento ou elementos catalogados.

Polo que, **a modificación puntual é plenamente compatible coas determinacións do PXOM vixente**. Segundo o artigo 200. *Modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico*, a alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a modificación dalgún dos seus elementos (artigo 83.2 da LSG).

1.2.- Directrices de Ordenación do Territorio (DOT)

O concello de Dodro, pese a non ser recoñecido como núcleo de interese litoral, atópase situado nunha posición chave, ligado aos núcleos de Catoira, Boiro, Vilagarcía, os cales caracterízanse por acoller funcións urbanas básicas, garantir o acceso da poboación rural aos servizos que a sociedade actual require da poboación rural para proporcionar unha estrutura de poboamento viable. A súa vez, están chamados a constituír o nivel local básico do sistema de sistema de poboamento de Galicia con capacidade para prestar servizos adecuados a poboación e impulsar polo menos un nivel básico de actividades económicas.

Polo que a modificación puntual, **é plenamente compatible coas directrices de ordenación do territorio de Galicia**, pois ven a solventar un problema derivado dun incorrecto recoñecemento de vias existentes nos núcleos mencionados, polo que a súa corrección ven a favorecer as determinacións das DOT para os núcleos situados nun enclave estratéxico.

1.3.- Plan de Ordenación do Litoral (POL)

Os núcleos nos que se procede a o recoñecemento ou anulación de vias, atópanse segundo o POL en zona de Ordenación, para a cal se establecen determinacións enfocadas en favorecer

DILIXENCIA, para facer constar que a aprobación inicial da Modificación Puntual N.º 4 do PXOM de Dodro tivo lugar por acordo do Concello en Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de novembro de 2020.
A secretaria interventora, Angela María Viqueiro

a relación dos desenvolvementos e infraestruturas co seu entorno natural e rural próximo, preservar na medida do posible, o fondo escénico das paisaxes litorais constituído polas abas expostas ao mar libres de edificación, favorecer os procesos de compacidade e complexidade garantindo a conectividade dos sistemas mediante corredores transversais, ecolóxicos e funcionais, así como os procesos de unión de núcleos mediante continuos lineais ao redor das vías de comunicación.

Polo que, **dita modificación e plenamente compatible co POL**, posto que non interfere nas determinación establecidas, a vez que ven a resolver unha problemática de conectividade.

Dodro, outubro de 2020

Polo equipo redactor

Isidro López Yáñez

DILIXENCIA, para facer constar que a aprobación inicial da Modificación Puntual N.º 4 do PXOM de Dodro tivo lugar por acordo do Concello en Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de novembro de 2020.
A secretaria interventora, Angela Maria Viqueira Alborveccion, c.